



ACADEMIA
GALEGA
DO AUDIOVISUAL

BASES PREMIOS **Mestre Mateo 11**

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

1. Condicións de admisión

Poderán optar aos "Premios do Audiovisual Galego":

1.1. As longametraxes (animación, documental ou ficción; producións cinematográficas de duración superior a 60 minutos) estreadas comercialmente en salas cinematográficas ou festivais cinematográficos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2011, que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

1.1.1. Que a versión orixinal sexa en lingua galega.

1.1.2. Que, como mínimo, o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.

1.1.3. Que o 50% do equipo técnico e artístico sexa galego ou residente en Galicia. Tamén poderán sumar o 25% en conxunto do equipo técnico e artístico, sempre que unha das autorías sexa galega (director, guionista ou autor da música orixinal). Para contabilizar estas porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin aos bolseiros.

1.2. As películas para televisión, as series (ficción, animación e documentais) **e programas para televisión** emitidos por calquera dos sistemas televisivos (aberto, pago por visión, cable, internet, etc.) entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2011, e que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

1.2.1. Que a versión orixinal sexa en lingua galega.

1.2.2. Que, como mínimo, o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.

1.2.3. Que o 50% do equipo técnico e o 50% do equipo artístico estea formado por persoal galego ou residente en Galicia. Para contabilizar estas

porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin aos bolseiros.

1.3. Os documentais, as curtametraxes e as obras experimentais que tiveran a súa comunicación pública entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2011, e que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

1.3.1. Que a versión orixinal sexa en lingua galega.

1.3.2. Que, como mínimo o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.

1.3.3. Que o 50% do equipo técnico e o 50% do equipo artístico estea formado por persoal galego ou residente en Galicia. Para contabilizar estas porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin aos bolseiros.

1.4. As obras publicitarias exhibidas comercialmente entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2011 e que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

1.4.1. Que a versión orixinal sexa en lingua galega.

1.4.2. Que o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras e/ou axencias de publicidade con domicilio social en Galicia.

1.4.3. Que o 50% do equipo técnico estea composto por persoal galego ou residente en Galicia. Para contabilizar estas porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin aos bolseiros.

1.5. As obras interactivas publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2011, e que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

1.5.1. Que a versión orixinal sexa en lingua galega.

1.5.2. Que, como mínimo, o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

1.5.3. Que o 50% do equipo técnico e o 50% do equipo artístico estea formado por persoal galego ou residente en Galicia. Para contabilizar estas porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin aos bolseiros.

1.6. Todos os profesionais, galegos ou non, que participen nas producións expostas nos apartados 1.1 (longametraxes), 1.2 (películas para a televisión, series e programas de televisión) ou nas obras documentais contempladas no apartado 1.3 e que cumpran os requisitos das categorías específicas. Quedan excluídos todos os alumnos de centros de ensino cuxos traballos teñan lugar no ámbito académico.

2. Prazo de admisión

2.1. Fíxase a data do **16 de decembro** de 2011 **ás 14.00h** como límite para a recepción de traballos aos nomeamentos, **acreditando**, no seu caso, as producións que fosen estreadas, publicadas ou emitidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2011.

No caso de tratarse de producións estreadas, publicadas ou emitidas entre os días **16 e 31 de decembro**, ambos inclusive, poderanse inscribir igual as obras, acreditando a data e o lugar de estrea da obra neses días posteriores á data de recepción non máis alá do 9 de xaneiro de 2012.

2.2. Unha vez rematado este prazo a Academia porá a disposición de todos os académicos a relación das producións presentadas que cumpran os requisitos para participar, xunto cos listados dos equipos técnico e artístico correspondentes presentados polas produtoras para que, nun prazo máximo de **4 días naturais**, se poida alegar cuestións só relativas ás obras presentadas en prazo e forma.

3. Cota de inscrición

3.1. Nas candidaturas á produción é imprescindible o pago da cota de inscrición. Os importes establecidos son: 30,00 euros polo primeiro traballo presentados por persoa física

ou xurídica con dereito sobre a obra e 10,00 euros por cada un dos traballos adicionais. Estes importes deberán de ingresarse no nº de conta: 2080 0099 36 3040012325 (Novagalicia Banco).

3.2. Quedan exentas do pago da cota de inscrición ás candidaturas dos profesionais.

4. Candidaturas

4.1. As candidaturas ás diferentes categorías dos Premios Mestre Mateo poderán ser presentadas por persoas físicas ou xurídicas con dereitos sobre a obra correspondente ou por calquera académico con dereito a voto segundo o establecido nas presentes bases.

4.2. Os traballos deben enviarse á sede da ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (Praza Pintor Sotomayor s/n, 2º piso, 15001, A Coruña), en sobre pechado que incluírá:

- Folla de inscrición cuberta e asinada por quen promova a candidatura.
- Copia do traballo presentado (en DVD).
- Ficha do equipo técnico e artístico completo da produción. Anexo 1.
- Declaración xurada na que se especifique que requisitos e, no seu caso, que porcentaxes, se cumpren do artigo 1. Anexo 2.
- Autorización a enviar unha copia da obra aos socios e a incluila, no caso de resultar finalista, na actividade formativa "Encontros Mestre Mateo". Anexo 3.
- Recibo do ingreso da cota de inscrición.

4.3. Pódense presentar tantos traballos como sexa oportuno, en sobres independentes cada un.

4.4. A Xunta Directiva ten a potestade de crear unha comisión específica para o seguimento das bases dos premios Mestre Mateo. No caso de crear esta comisión, procurará que estea formada por un representante de cada unha das categorías profesionais especificadas nos Estatutos da Academia.

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

4.5. A Xunta Directiva ou, no seu caso, a comisión poderá excluír os candidatos que non cumpran estritamente estes requisitos ou cando os datos que figuren sexan falsos, erróneos ou equivocados.

4.6. A Xunta Directiva ou, no seu caso, a comisión de seguimento poderá modificar as categorías en función da produción do ano, establecendo un **mínimo de 2 candidatos en cada categoría.**

4.7. Sempre que se presenten un **mínimo de dúas longametraxes de animación ou longametraxes documentais,** a Xunta Directiva, ou no seu caso, a comisión de seguimento, poderá **crear estas categorías,** sempre que a concorrencia non prexudique á categoría de Mellor Longametraxe.

4.8. É necesaria a autorización expresa á Academia para dispoñer, sen contraprestación ningunha, sen limitación temporal ou de calquera outra clase, de fragmentos e fotogramas da produción a concurso. A utilización ou comunicación pública da gravación por parte da Academia só se realizará nun contexto informativo e educativo e excluírá a explotación.

4.9. Se se trata dunha serie ou conxunto homoxéneo de programas ou un programa de emisión continuada e indefinida no tempo, deberá presentarse un capítulo ou programa individualizado.

4.10. As obras audiovisuais só poderán competir nunha única categoría das que figuran nos artigos do 1.1 ao 1.5.

4.11. Os actores e actrices só poderán competir nunha das categorías sinaladas nos artigos do 6.1.2.13 ao 6.1.2.16 pola súa interpretación nunha obra.

5. Sistema de votación

5.1. Teñen dereito a voto os socios membros da Academia Galega do Audiovisual que se encontren ao corrente do pagamento das cotas e

cuxa alta fose aprobada pola Xunta Directiva antes do 31 de decembro de 2011.

5.2. Cada socio poderá votar unha única vez en cada unha das votacións.

5.3. Selección dos nomeados:

5.3.1. Na primeira votación, a Academia halles facilitar a todos os socios un listado onde se recollan, por orde alfabética, todos os traballos e os profesionais candidatos para ser nomeados.

5.3.2. Os votantes deberán marcar un máximo de CATRO (4) candidatos por cada unha das categorías.

5.3.3. Considerarase nulo o voto na categoría na que se vote por máis de catro candidatos.

5.4. Selección dos premiados:

5.4.1. Na segunda votación, a Academia emitirá papeletas de escrutinio cos nomeados por cada categoría en orde alfabética.

5.4.2. Cada socio con dereito a voto poderá emitir UN (1) ou ningún voto por cada categoría en todas e cada unha das categorías profesionais e de produción. No caso de que se vote máis dun nunha categoría concreta anularase o voto desa categoría.

5.4.3. O número de nomeados só excederá de catro no caso de que existan varios profesionais ou producións que teñan o mesmo número de votos e lles corresponda o 4º posto nos nomeamentos.

5.5. Os sobres cos votos enviaranse por correo ao despacho dun notario de A Coruña. O notario gardará segredo profesional ata o acto de entrega dos premios. **Ninguén, a excepción do notario, poderá saber o número de votos** recibidos por cada produción ou profesional en ningunha das fases.

5.6. No caso de que un profesional resulte nomeado en máis dun proxecto na mesma categoría, o notario disporá que figure

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

unicamente o nomeamento pola produción na que obtivera máis votos.

6. Categorías

6.1. Establécense as seguintes categorías:

6.1.1. Categorías de producións.

6.1.1.1. Mellor Longametraxe

Poderán acceder a este premio as películas de ficción, animación e/ou documentais cunha duración igual ou superior a 60 minutos, creadas para a súa exhibición en salas comerciais.

6.1.1.2. Mellor Película para Televisión

Poderán acceder a este premio as películas de ficción e/ou animación de duración igual ou superior a 60 minutos, especificamente creadas para a emisión por televisión, que tiveran a súa comunicación pública.

6.1.1.3. Mellor Programa de Televisión

Poderán acceder a este premio a serie de programas ou programa unitario de carácter meramente informativo, educativo, de entretemento ou espectáculo emitidos por televisión.

6.1.1.4. Mellor Serie

Poderán acceder a este premio as series de ficción, animación ou documentais que estean creadas para a súa emisión por televisión ou internet.

6.1.1.5. Mellor Documental

Poderán acceder a este premio programas de contido documental de índole científica, cultural ou social, incluídos aqueles programas informativos dedicados a acontecementos extraordinarios.

6.1.1.6. Mellor Obra Experimental

Poderán acceder a este premio as obras audiovisuais que procuren novos camiños a respecto das convencións do audiovisual, caso da videocreación, netart, etc.

6.1.1.7. Mellor Obra Interactiva

Poderán acceder a este premio as obras audiovisuais que permitan interactuar, a modo de diálogo, entre calquera dispositivo interactivo e o usuario.

6.1.1.8. Mellor Obra Publicitaria

Poderán acceder a este premio as obras audiovisuais creadas para a promoción dun produto ou servizo, tales como os anuncios, videoclips, webs promocionais, making off, publinreportaxes, produtos interactivos, etc.

6.1.1.9. Mellor Curtametraxe de Ficción

Poderán acceder a este premio as producións de ficción de duración inferior a 60 minutos.

6.1.1.10. Mellor Curtametraxe de Animación

Poderán acceder a este premio as producións de animación de duración inferior a 60 minutos.

6.1.2. Categorías profesionais.

6.1.2.1. Mellor Dirección de Producción

Poderán acceder a este premio os directores e/ou xefes de produción de todo tipo de longametraxes, películas para televisión, series, e programas de televisión.

6.1.2.2. Mellor Dirección de Fotografía

Poderán acceder a este premio todos os responsables de fotografía e/ou de iluminación de longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.3. Mellor Maquillaxe e Perruquería

Poderán acceder a este premio todos os responsables de maquillaxe e perruquería de longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.4. Mellor Deseño de Vestiario

Poderán acceder a este premio todos os responsables de vestiario de longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.5. Mellor Dirección Artística

Poderán acceder a este premio todos os responsables de decorados de longametraxes,

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.6. Mellor Montaxe

Poderán acceder a este premio todos os responsables de montaxe, edición, postproducción e/ou efectos de longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.7. Mellor Son

Poderán acceder a este premio todos os responsables da montaxe de son, son directo e mesturas de longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.8. Mellor Guión

Poderán acceder a este premio todos os guións orixinais e/ou adaptados que correspondan a longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.9. Mellor Música Orixinal

Poderán acceder a este premio todas as composicións musicais orixinais escritas especificamente para longametraxes, películas para televisión, series e programas de televisión.

6.1.2.10. Mellor Dirección

Poderán acceder a este premio todos os directores de longametraxes, películas para televisión, series, programas de televisión e documentais, agás aqueles que se presenten á categoría de mellor realización pola mesma obra audiovisual.

6.1.2.11. Mellor Realización

Poderán acceder a este premio todos os realizadores de series, programas de televisión e documentais, agás aqueles que se presenten á categoría de mellor dirección pola mesma obra audiovisual.

6.1.2.12. Mellor Comunicador de TV

Poderán acceder a este premio todos os presentadores de programas informativos, educativos, de entretemento ou espectáculo, tanto infantís coma para adultos, sexa cal sexa a súa periodicidade.

6.1.2.13. Mellor Interpretación Masculina Protagonista

Poderán acceder a este premio todos os actores que desenvolvan un papel protagonista en longametraxes, películas para televisión e series de ficción.

6.1.2.14. Mellor Interpretación Feminina Protagonista

Poderán acceder a este premio todas as actrices que desenvolvan un papel protagonista en longametraxes, películas para televisión e series de ficción.

6.1.2.15. Mellor Interpretación Masculina de Reparto

Poderán acceder a este premio todos os actores que desenvolvan un papel secundario ou característico en longametraxes, películas para televisión e series de ficción.

6.1.2.16.- Mellor Interpretación Feminina de Reparto

Poderán acceder a este premio todas as actrices que desenvolvan un papel secundario ou característico en longametraxes, películas para televisión e series de ficción.

6.2. Os premios de honra quedarán a criterio da Xunta Directiva, tanto a súa designación coma a súa denominación.

6.3. Calquera académico poderá presentarlle á Xunta Directiva candidatos para os premios de honra. Estas candidaturas deberán presentarse perfectamente argumentadas.

6.4. Os premios non terán dotación económica, senón que consistirán en pezas artísticas fabricadas expresamente para este fin, en edición exclusiva e numerada.

6.5. Todos os nomeamentos han recibir un diploma acreditativo.

7. Calendario

7.1. Os prazos a partir do día de publicación das bases son:

BASES

PREMIOS Mestre Mateo 11

14.11.11

Ábrese o prazo de recepción de candidaturas.

16.12.10

Péchase o prazo de recepción de candidaturas (ás 14.00h).

12.01.12

Publicación de candidaturas aceptadas e ábrese o prazo de alegacións de socios.

17.01.12

Péchase o prazo de alegacións dos socios (ás 14:00 h).

24.01.12

Publicación das candidaturas definitivas presentadas.

30.01.12

Envío de papeletas aos socios para a 1ª rolda de votacións.

28.02.12

Finaliza o prazo de recepción de papeletas de votación no notario.

06.03.12

Publicación dos finalistas.

08.03.12

Envío de papeletas aos socios para a 2ª rolda de votacións.

30.03.12

Fin do prazo de recepción de papeletas de votación no notario.

Abril 2012

Gala Premios Mestre Mateo 11.

8.2. A Xunta Directiva, e no seu caso a comisión na que delegue, vai ser o único órgano encargado de interpretar estas bases nos casos de conflito. As súas decisións serán inapelables.

8. Aceptación do regulamento

8.1. A participación nos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual supón a aceptación total do presente regulamento.